

- Pódese acceder ás NOFC do centro no [seguinte enlace](#).
- O profesorado titor despois do inicio da actividade lectiva informará ás familias a través de Abalar Móbil en que aula están as súas fillas/os especialmente no caso do alumnado de nova incorporación e do de 1º, 3º e 5º de EP. Ademais, o día 8 de setembro, as familias que o desexen poderán acudir ao centro de 9:05 a 9:25 para coñecer a aula, titor ou titora do seu fillo ou filla.
- Consultaranse o profesorado asignado a cada titoría [no apartado de claustro da nosa web](#).

Actuacións de prevención, hixiene e protección.

- Desaparece a recomendación de distancia interpersonal, tamén nos comedores.
- Os grupos de convivencia estable poden interaccionar con outros.
- A ventilación segue sendo recomendable en períodos alternos: 15 minutos ao inicio da xornada e 15 ao remate de cada xornada, mañá e tarde. Durante os recreos e durante as clases e entre estas sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.
- A máscara segue sendo obrigatoria no transporte escolar a partir de 6 anos polo de agora.

Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado, necesaria para o aproveitamento das posibles estratexias de aprendizaxe.

- En Educación Infantil existe a aula virtual para achegar unha oferta de actividades, propostas didácticas, lecturas... para o profesorado de EI Contarán cunha chave única de acceso que se facilitará ás familias.
 - O alumnado de 1º e 2º de EP conta tamén con acceso a aulas virtuais. Contarán con acceso individualizado á plataforma. Facilitóuselle ás familias o sistema de acceso.
 - O alumnado de 3º e 4º de EP recibirán formación de acceso a aulas virtuais.
 - O alumnado de 5º a 6º traballará con EDIXGAL.
 - O noso centro este curso académico forma parte do proxecto de Polos Creativos polo se porán en marcha diferentes obradoiros para alumnado e familias.
-


ACCESOS DAS FAMILIAS

- As familias non poden acceder ás aulas, salvo causa xustificada e calquera dúbida en relación cos accesos será resolta chamando ao teléfono do centro 881866918/881866916.
- O acceso das familias para xestións será pola porta principal. Existe un telefonillo para solicitar o acceso por seguridade.
- Debemos extremar a puntualidade e atender aos horarios.
- Respetaranse os horarios de xeito exhaustivo.

ENTRADAS AO LONGO DO CURSO

- O alumnado transportado collerá o bus no horario habitual. Ao chegar ao centro dirixiranse directamente ás aulas onde os agardará o profesorado titor.
- O alumnado non transportado chegará despois e seguirá o mesmo sistema que o transportado.
- Haberá profesorado de garda en puntos estratéxicos do centro.

PLANO DAS PORTAS DE ENTRADA



PLAN DE ACOLLIDA CURSO 2022-23

ALUMNADO USUARIO DE TRANSPORTE ESCOLAR			
ENTRADAS (Portalón)		SAÍDAS (Portalón)	
<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornad a partida</i>	<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>
08:50 a 09:00	09:20 a 09:30	15:30	16:15 16:30 (os luns)
ALUMNADO NON TRANSPORTADO E USUARIO DE COMEDOR			
ENTRADAS EI e EP: portalón		SAÍDAS EI e EP: porta principal	
<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>	<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>
09:00 a 09:03	09:30 a 09: 33	15:30	16:15 (Os luns de 16:30)

No caso de todas as saídas de alumnado de EI non transportado comezarán 5 minutos antes.

O alumnado de EI e EP non usuario de comedor seguira o seguinte horario.

Xornada continuada

- Saída: 14:00

Xornada partida

- Saída: 13:15
- Entrada de volta ao centro de 15:05 excepto os luns que será ás 15:15

Entrará e sairá sempre polo portalón no período de comedor.

ENTRADAS E SAÍDAS PARA O PRIMEIR DÍAS (8 DE SETEMBRO)

- Comezamos o curso o 8 de setembro en xornada continua de 9:00 a 15:30.
 - De 8:50 a 9:00 entran só alumnado transportado (autobuses) das rutas habituais.
 - A partir das 9:00 e ata as 9:03 entra o resto de alumnado.
 - As familias que o desexen poderán acceder ao centro ás 09:05 polo portalón para coñecer as aulas das súas fillas e fillos e coñecer as titoras e titores. Abandonarán o recinto pola porta principal.
- O alumnado de 4º de EI (3 anos) respectará o horario do período de adaptación do mes de setembro.

No caso de todas as saídas de alumnado de EI non transportado comezarán 5 minutos antes.

QUE TRAER O PRIMEIRO DÍA?

- **Educación Infantil:**
 - Mandilóns postos coas identificacións indicadas anteriormente.
 - Merenda.
 - Botella de auga co nome.
 - **1 fotos tamaño carné.**
- **Educación Primaria:**
 - Mochila con:
 - Merenda.
 - **1 foto tamaño carné.**
 - Estoxo con: un lapis, unha goma e un bolígrafo.
 - Unha libreta pequena.
 - Botella de auga co nome.

MERENDAS

- Froita (excepto kiwi), lácteos (sen ovo e sen kiwi).

COMEDOR

- **O horarios de comedor** será o seguinte
 - **Xornada continuada: De 14:00 a 15:30**
 - **Xornada partida: 13:15 a 15:05 (luns ata 15:20)**

Nos vindeiros días publicarase na web o material e libros de texto a mercar por cada curso/ciclo.